

4. Informacións e correccións de erros

4.1. Informacións

VALEDOR DO POBO

Resolución da Presidencia, do 14 de outubro de 2024, pola que se toma coñecemento do escrito da valedora do pobo polo que remite as resolucións do 4 de outubro de 2024 nas que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefatura de área da (AGPI) e o concurso de méritos para a adscrición a un posto de administrativo vacante na institución e se solicita a súa publicación.

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 12891, o escrito da valedora do pobo polo que remite as resolucións do 4 de outubro de 2024 nas que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefatura de área da (AGPI) e o concurso de méritos para a adscrición a un posto de administrativo vacante na institución.

A Presidencia, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 25 de marzo de 2024, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 3 do 26 de marzo de 2024), resolve:

- 1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 12891, presentado pola valedora do pobo
- 2º. Dar conta desta resolución na próxima reunión da Mesa do Parlamento que teña lugar.
- 3º. Publicar ás resolucións no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 14 de outubro de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

Resolución do 4 de outubro de 2024 pola que se resolve o procedemento de libre designación do posto de xefatura de área da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, convocado por resolución do 5 de xuño de 2024.

Por resolución da valedora do pobo do 5 de xuño de 2024 aprobouse a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, do posto de traballo da xefatura de área da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI).

A convocatoria publicouse no *Diario Oficial de Galicia* nº 115 e no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* nº 39, ambos do 14 de xuño de 2024.

Finalizada a tramitación do procedemento, no exercicio das funcións que me atribúe a Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, e o artigo 7.I) do seu Regulamento de organización e funcionamento,



RESOLVO:

Adscribir a Rosa Otero Piñeiro ao posto da xefatura de área da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante a valedora do pobo, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, ou directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados desde a mesma data.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2024
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo (en funcións)

Resolución do 4 de outubro de 2024 pola que se resolve de forma definitiva o concurso de méritos para a adscrición a un posto de administrativo vacante na institución do Valedor do pobo, convocado por resolución da valedora do pobo do 5 de xuño de 2024

Vista a proposta da Comisión de Avaliación nomeada por Resolución do 18 de xuño de 2024 para a valoración do cumprimento dos requisitos e os méritos achegados polas persoas solicitantes ao concurso de méritos para a adscrición a un posto de administrativo vacante na institución, convocado por Resolución do 5 de xuño de 2024, e de conformidade co disposto na base 12 da convocatoria, acordo:

Primeiro. Resolver de forma definitiva o concurso de méritos para a adscrición ao posto de administrativo da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante (AGPI), nivel de complemento de destino 20, nº 16 da vixente relación de postos de traballo da institución, convocado por Resolución do 5 de xuño de 2024, en favor do solicitante Roberto Pérez Fonte, por ser o que obtivo a maior puntuación comprobada pola Comisión de Avaliación (28.99 puntos).

Segundo. A toma de posesión do posto adxudicado deberá producirse nos prazos establecidos na base 13 da Resolución do 5 de xuño de 2024.

Terceiro. Que se publique esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web da institución.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano ou, directamente, recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data e de conformidade co establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de outubro de 2024
María Dolores Fernández Galiño
Valedora do pobo (en funcións)

